



FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgfm.es](http://www.fgfm.es)  
E-mail: [promocion@fgfm.es](mailto:promocion@fgfm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

CIRCULAR Nº 5

TEMPORADA 2022/23

## CONVOCATORIA CURSO DE ÁRBITROS AUTONÓMICO

---

Se informa a todos os interesados que a Federación Galega de Tenis de Mesa, a través do seu Comité de Árbitros, convoca curso de árbitros autonómico. O curso constará de dúas partes:

- **Parte teórica:** a FGTM facilitará a tódolos matriculados
  - Regulamento Técnico de Tenis de Mesa
  - Regulamento CTNA

Que deberán ser lidos e estudiados para posteriormente realizar un cuestionario.

Calquera dúbida ou pregunta sobre os mesmos poderá ser enviada a [comitearbitros@fgfm.es](mailto:comitearbitros@fgfm.es) e será resolta polo titor responsable do curso.

A FGTM facilitará unha ligazón onde se poderá responder un cuestionario de avaliación da parte teórica do curso.

- **Parte práctica:** aqueles matriculados que houbesen superado a parte teórica, deberán completar a parte práctica do mesmo que consistirá en:
  - 1) Arbitraxe dun encontro de liga de 1ª ou 2ª galega: o árbitro aspirante deberá solicitar ó Comité Galego de Árbitros que se lle asigne un encontro no que deberá cubrir a acta, dirixir o encontro e comunicar o resultado a través do sistema de introdución de resultados da FGTM e enviar copia do acta a [comitearbitros@fgfm.es](mailto:comitearbitros@fgfm.es). O Comité Galego de Árbitros solicitará emisión dun informe ós dous equipos que participaron no encontro sobre o arbitraxe realizado, así como tamén comprobará que a acta estea ben cuberta e o resultado ben subido.
  - 2) Arbitraxe nunha competición oficial FGTM (Campionatos Galegos, etc...): os árbitros aspirantes poderán realizar a última parte práctica en calquera competición oficial organizada pola FGTM na presente tempada. Para elo, deberán inscribirse cando a FGTM publique convocatoria de inscricións de árbitros para un determinado evento,



FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [promocion@fgtm.es](mailto:promocion@fgtm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

indicando que se inscribe para realizar as prácticas correspondentes. O Comité Galego de Árbitros designará un examinador que será o encargado de avaliar a actuación do árbitro aspirante.

Será imprescindible superar canda unha das partes (teórica e práctica) para obter o título de árbitro autonómico.

Os interesados deberán cumprir os seguinte requisitos:

- ✓ Ter cumpridos os 14 anos no momento da formalización da matrícula. Os inscritos que superen o exame e estean comprendidos entre os 14 e 18 anos, consideraranse Arbitro Auxiliar, e unha vez que cumpran os 18 anos poderán presentarse ó exame de Árbitro Nacional se teñen unha antigüidade de 2 anos como árbitro autonómico.
- ✓ Pagar a matrícula de 30 euros, por transferencia bancaria á conta da FGTM ES42 2080 3530 2330 4000 8977 de ABANCA, enviando o xustificante de ingreso ó email: [comitearbitros@fgtm.es](mailto:comitearbitros@fgtm.es) xunto cos seguintes datos:
  - Nome completo
  - Data de nacemento
  - Teléfono móbil
  - Email
  - Dirección
  - Copia do DNI

Vigo, 28 de Xaneiro de 2023

Mónica García Lobato  
Comité Galego de Árbitros